

SUBVENCIONES A ENTIDADES PARA FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO 2017

CAPACITADAS:

Formación para o emprego con mulleres privadas de liberdade

DESCRIPCIÓN

O proxecto comprende actividades de orientación e formación para a integración laboral que xorden das necesidades da poboación feminina reclusa, de cara á súa incorporación ao mercado de traballo:

- Orientación laboral e profesional (Itinerarios personalizados de inserción)
- Capacitación técnica, matriculando ás participantes nun centro externo no curso de Auxiliar de axuda a domicilio, con certificado homologado, e impartindo clases presenciais.

BENEFICIARIAS

12 internas do centro penitenciario da Lama (Pontevedra)

OBXECTIVOS

XERAL: Favorecer a formación integral das reclusas para a súa incorporación sociolaboral no momento da excarceración.

ESPECÍFICOS:

- Dotar ás participantes dos coñecementos teórico-prácticos necesarios para desempeñar un oficio.
- Favorecer o desenvolvemento das habilidades sociolaborais das beneficiarias do proxecto para promover a súa integración a través da aprendizaxe das materias específicas, da convivencia entre as reclusas.
- Proporcionar ás participantes os coñecementos, habilidades e destrezas precisas para a busca de emprego.
- Dotar ás participantes das habilidades sociais básicas para mellorar a súa autoestima e motivación persoal.

TEMPORALIZACIÓN

O proxecto desenvolverase desde o 1 de xullo ata o 30 de novembro de 2017

A formación impartirase de luns a venres, de 16 a 19 horas:

- Capacitación técnica: do 2 de outubro ata o 17 de novembro. 99 horas
- Posicionamento ante o emprego: 21, 22 e 28 de novembro. 9 horas
- Igualdade de oportunidades: 29 de novembro. 3 horas

Mes \ Actividade	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO
Itinerario personalizado de inserción					
Capacitación técnica					
Posicionamento ante o emprego					
Igualdade de oportunidades					